



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. A retribución destinada a remunerar o interese ou a iniciativa do/a titular do posto, previa avaliación dos resultados conseguidos é o complemento de....

- A) Destino
- B) Específico
- C) Carreira
- D) Produtividade

2. Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes. Indique a resposta FALSA en relación co acceso á historia clínica:

- A) É un dereito do paciente
- B) É un dereito que pode ser exercido persoalmente ou por representación debidamente acreditada
- C) O terceiro que acceda por un risco para a súa saúde poderá facelo á historia clínica completa
- D) Non pode exercerse en prexuízo dos/as profesionais participantes na súa elaboración

3. Conforme ao artigo 4 da Lei 31/95, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, para cualificar un risco desde o punto de vista da súa gravidade, valoraranse conxuntamente:

- A) As condicións persoais dos traballadores e a severidade do dano probable
- B) A probabilidade de que se produza o dano e a severidade do mesmo
- C) As características do centro de traballo e a existencia de procesos, actividades, operacións, equipos ou produtos potencialmente perigosos
- D) O tipo de risco e o número de probables traballadores afectados

4. Indique a opción de resposta FALSA conforme ao establecido no artigo 42 da Lei 14/86, Xeral de Sanidade: As Comunidades Autónomas exercerán as competencias...

- A) que o Estado lles delegue
- B) que o Estado lles transfira
- C) que emanan dos Concellos
- D) asumidas nos seus estatutos de autonomía

5. Conforme ao Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, nun concurso–oposición, a puntuación máxima da fase de concurso...

- A) Non poderá exceder do corenta por cento da puntuación máxima atinxible no proceso selectivo
- B) Poderá exceder do corenta por cento da puntuación máxima atinxible no proceso selectivo
- C) Non poderá ser menor do corenta por cento da puntuación máxima do proceso selectivo
- D) Non deberá superar o trinta por cento da puntuación máxima da fase de oposición

6. Indique a resposta CORRECTA. O Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) É parte integrante do Sistema Nacional de Saúde
- B) Inclúe as actividades ou servizos que sexan prestados con recursos non públicos
- C) Está dirixido conxuntamente pola Consellería de Sanidade e a de Presidencia
- D) Reducirá, cando proceda, o catálogo de prestacións básicas ofrecidas polo Sistema Nacional de Saúde

7. Que organizacións sindicais, das que se citan de seguido, poderán estar presentes na Mesa Sectorial do Servizo Galego de Saúde?:

- A) As máis representativas a nivel provincial
- B) As que obtiveron o 5 por cento dos representantes nas eleccións para as xuntas de personal do Servizo Galego de Saúde
- C) As que obtiveron o 15 por cento dos representantes nas eleccións para as xuntas de personal do Servizo Galego de Saúde
- D) As máis representativas a nivel local

8. Conforme á Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, indique a opción FALSA:

- A) Cando o/a paciente estea circunstancialmente incapacitado/a para tomar decisións, outorgará o consentimento indistintamente o seu cónxuxe ou os familiares de grao máis próximo se exercen de coidadores
- B) A información previa ao consentimento debe incluír as consecuencias da non realización do procedemento
- C) O titular do dereito á información é o/a paciente e na medida en que este o permita tamén serán informadas as persoas vinculadas a el/ela
- D) As historias clínicas son propiedade da Administración sanitaria ou entidade titular do centro sanitario cando o médico traballe por conta e baixo a dependencia dunha institución sanitaria

9. Indique cal dos seguintes principios figura entre os Principios Reitores da Política Social e Económica da Constitución Española de 1978:

- A) O recoñecemento do dereito á saúde
- B) Os pais deben prestar asistencia de toda orde aos fillos habidos dentro e fora do matrimonio, ata que alcancen unha independencia económica acreditada
- C) Os poderes públicos aseguran a protección social, económica, política e xurídica da familia
- D) Todas as anteriores respostas son falsas

10. Conforme ao artigo 18 da Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde é un dereito colectivo, o dereito:

- A) Ao encadramento no Réxime Xeral da Seguridade Social
- B) Á estabilidade no emprego e ao exercizo ou desempeño efectivo da profesión
- C) Á libre sindicación
- D) Ao descanso necesario

1. Segundo a Constitución Española de 1978, indique cal das seguintes afirmacións é a CORRECTA:

- A) Todos os españois contribuirán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica
- B) Recoñecese o dereito de fundación para fins de interese particular, con arreglo á lei e ás normas regulamentarias
- C) As penas privativas de liberdade estarán orientadas á reeducación e poderán consistir en traballos forzados
- D) O sistema tributario, en determinados casos, terá alcance confiscatorio

2. Conforme ao disposto no Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, unha facultativa especialista de área nomeada xefa de servizo...

- A) Será avaliada cando transcurran 5 anos desde a data do seu nomeamento
- B) Accede á situación de servizos especiais con reserva do seu posto de traballo
- C) Permanece na situación de servizo activo
- D) Pasa á situación de promoción interna temporal